



BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA POLO CONCELLO DE MIÑO DE AXUDAS SOCIAIS A CONCEDER AO SEU PERSOAL FUNCIONARIO, EXERCICIO 2019

1ª.- Obxecto:

As presentes Bases conteñen os criterios xerais relativos á convocatoria, recoñecemento e abono de axudas de acción social ao persoal funcionario do concello de Miño correspondentes ao exercicio 2019.

As presentes Bases conteñen os seguintes Anexos:

- Anexo I: Modelo oficial de solicitude
- Anexo II: Declaracións responsables

2ª.- Beneficiarios das axudas:

Poderán solicitar e ser beneficiarios das axudas de acción social obxecto da presente convocatoria o persoal funcionario de carreira, funcionarios interinos e funcionarios en prácticas que tiveran permanecido en situación de servizo activo neste Concello ao longo do exercicio 2019 durante ao menos 6 meses.

3ª.- Fins e contías das axudas:

As axudas obxecto da presente convocatoria van destinadas aos seguintes fins e polas seguintes contías.

1. Bolsas de estudos (Curso 2018-2019).

Educación infantil: 36,06 euros/ano escolar.

Educación primaria: 48,08 euros/ano escolar.

Educación secundaria (ESO, bacharelato, formación profesional de grado medio ou superior, acceso á universidade): 60,10 euros/ano escolar.

Educación universitaria: 96,16 euros/ano escolar.

2. Axudas para gastos sanitarios (devengados no exercicio 2019):

Oftalmolóxicos: o 50% da factura, cunha axuda máxima de 60,10 euros.

Odontolóxicos: o 50% da factura, cunha axuda máxima de 180,30 euros.

Audífonos: o 100% da factura.

Os causantes das axudas poderán ser os/as funcionarios/as do concello de Miño nos termos recollidos na Base 2ª, así como os seus fillos/as, sempre que no exercicio 2019 teñan convivido co/coa proxenitor/a e non teñan percibido rendas propias.

4ª.- Incompatibilidades:

1. Non poderán recoñecerse nin percibirse as presentes axudas de acción social se durante o mesmo ano ao que se refire á convocatoria, se recoñecen ou perciben pola persoa solicitante

Ete documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



outras axudas de acción social de análoga natureza ás convocadas por calquera outra Administración Pública con independencia do vínculo xurídico en base ao cal se tiveran obtido.

2. Non obstante, poderán recoñecerse e percibirse as presente axudas de acción social cando se acredite pola persoa solicitante que as recoñecidas ou percibidas non alcanzan o importe total do gasto soportado. Neste caso, o importe susceptible de ser recoñecido e satisfeito polo concello de Miño non poderá superar, xunto ao importe xa recoñecido ou percibido da outra Administración, o total do gasto soportado.

5ª.- Consignación orzamentaria:

O recoñecemento e abono das axudas de acción social obxecto da presente convocatoria queda en todo caso condicionado á existencia de crédito orzamentario axeitado e dabondo no orzamento xeral do concello de Miño.

A presente convocatoria financiarase cun crédito total máximo de 3.005,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2020. 0. 211. 0. 162.04.

Para o suposto de que unha vez avaliadas tódalas solicitudes resultase que o crédito previsto inicialmente resultara insuficiente, atenderase ás retribucións brutas anuais do persoal funcionario solicitante de modo que terán prioridade aqueles funcionarios que perciban menores retribucións, decaendo no seu dereito aquelas solicitudes para as que non existira cobertura orzamentaria.

6ª.- Procedemento:

1. Solicitudes:

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de forma telemática e axustada ao modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases acompañada tamén do Anexo II (declaracións responsables que procedan) xunto coa documentación que sexa preceptiva en cada caso:

- a) Para as bolsas de estudos de educación infantil e educación primaria entregárase certificación acreditativa de teren a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda.
- b) Para as bolsas de estudos de educación secundaria, F.P de grado medio ou superior, e acceso á universidade entregárase: ou ben certificación acreditativa de estar matriculado do curso para o que se solicita a axuda e de ter superado o curso anterior (agás nos estudos da ESO nos que se pode pasar de curso sen superar o anterior); ou ben folla de liquidación de taxas de matrícula.
- c) Para as bolsas de estudos universitarios: fotocopia compulsada da folla de liquidación de taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicita a axuda.
- d) Para percibir a axuda por gastos sanitarios realizados no exercicio 2019, é preciso xustificar o desembolso efectuado coa correspondente factura a cal debe conter tódolos requisitos esixidos regulamentariamente.

Ete documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



O prazo para a presentación das solicitudes se iniciará o primeiro día hábil do mes seguinte ao de publicación da presente convocatoria e rematará o último día hábil do mes de outubro do ano en curso.

O feito de presentar a solicitude entraña a aceptación de todas e cada unha das condicións da presente convocatoria máis a autorización expresa ó Concello para pedir, no nome do solicitante, os documentos e certificados que sexan precisos segundo as bases da convocatoria.

2. Publicidade:

As bases da presente convocatoria publicaranse integramente no taboleiro de anuncios do concello.

3. Tramitación:

- Comisión mixta de Avaliación: A tramitación, estudo, interpretación, e resolución de dúbidas de feito ou de dereito das solicitudes presentadas se lle encargará a unha Comisión mixta de Avaliación formada polo Alcalde e dous funcionarios/as designados/as pola Alcaldía.

- Listado provisional: A Comisión mixta de Avaliación deberá confeccionar o listado provisional de solicitudes admitidas e denegadas no prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a finalización do prazo de presentación das mesmas. Dito listado provisional será obxecto de aprobación mediante Resolución de Alcaldía e dita Resolución será obxecto de publicación no taboleiro anuncios do concello para os efectos de posibles reclamacións.

- Emenda: A partir do día seguinte ao da publicación do listado provisional de solicitudes admitidas e denegadas as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para emendar os defectos de que adoleceran as súas e/ou no seu caso presentar as correspondentes reclamacións.

- Listado definitivo: Finalizado o prazo sinalado no punto anterior se dará traslado das reclamacións presentadas á Comisión mixta de Avaliación para que proceda a seu estudo, debendo confeccionar o listado definitivo de solicitudes admitidas e denegadas no prazo máximo de 5 días naturais a contar dende a finalización do prazo de presentación de reclamacións. Dito listado definitivo será obxecto de aprobación mediante Resolución de Alcaldía e dita Resolución será obxecto de publicación no taboleiro anuncios do concello.

No caso de que se produza a admisión de todas solicitudes nos seus propios termos poderase prescindir da aprobación e publicación dos listados provisionais.

7ª.- Aplicación e interpretación das presentes bases.

Corresponderá á Comisión mixta de Avaliación interpretar cantas dúbidas puideran suscitar á aplicación das presentes bases. Os criterios que se acorden se publicarán no taboleiro de anuncios do concello para xeral coñecemento.

En Miño, na data que figura á marxe

O alcalde
Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

Ete documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



ANEXO I: CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIAIS (BOLSAS DE ESTUDOS E GASTOS SANITARIOS) DESTINADAS AO PERSONAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MIÑO, EXERCICIO 2019

Solicitud

Datos do solicitante

Nome	
Apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	
Posto de traballo	

Axuda que solicita

1. Bolsas de estudos

Persoas para a que se solicita a axuda/s	
Curso/s	
Importe/s solicitado/s	

2. Gastos sanitarios

Persoas para a que se solicita a axuda/s	
Carácter do/s gasto/s	
Importe/s solicitado/s	

En Miño, a ____ de _____ de 2020

Asdo.- (Nome e apelidos do solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO

Ete documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



ANEXO II: CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIAIS (BOLSAS DE ESTUDOS E GASTOS SANITARIOS) DESTINADAS AO PERSONAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MIÑO, EXERCICIO 2019

Declaracións responsables

Declaración doutras axudas

D./Dna. _____ con DNI nº _____ declara que respecto das axudas sociais 2019 solicitadas (bolsas de estudos e gastos sanitarios) destinadas ao persoal funcionario do Concello de Miño e segundo as bases que rexen a súa convocatoria:

Non percibiu outras axudas para a mesma finalidade.

Percibiu outras axudas concedidas por _____ para a mesma finalidade por importe de _____ euros.

Declaración de convivencia con outros causantes e de percepción de rendas propias

D./Dna. _____ con DNI nº _____ declara que respecto das axudas sociais 2019 solicitadas (bolsas de estudos e gastos sanitarios) destinadas ao persoal funcionario do Concello de Miño e segundo as bases que rexen a súa convocatoria:

No exercicio 2019 o meu fillo/a causante das axudas solicitadas conviviu no meu fogar formando parte da unidade familiar.

No exercicio 2019 o meu fillo/a causante das axudas solicitadas non percibiu rendas propias.

En Miño, a ____ de _____ de 2020

Asdo.- (Nome e apelidos do solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO

Ete documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público